

PROXECTO HISTORIAS DA CREACIÓN DO MUNDO (clase de relixión 6º de primaria)

curso 2023-24

Profesora-Margarita Rodríguez Couceiro

Celtas

Indios norteamericanos

Os Mayas

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Contidos	Competencias
<ul style="list-style-type: none">.Coñecer outras culturas.Comprender a historia en tempos pasados.Identificar outras culturas.Recoñecer a súa xeografía e a súa arquitectura.Coñecer a importancia que deixaron no tempo.Comentar as diferencias e e as semellanzas das historias	<ul style="list-style-type: none">.Recoñece o relato da Creación na biblia.Coñece a historia de outras culturas.Identifica culturas distintas.Coñece e localiza a súa posición no mapa e as súas construcións.Coñece a importancia da súa pegada no tempo	<ul style="list-style-type: none">.Libros.Mapas.Lendas.Historias.Internet	<ul style="list-style-type: none">.CCDIXITAL.CCLINGÜÍSTICA.CCMATEMÁTICA.CCCÍVICO-SOCIAL.CCHISTORICA.CULTURAL E ARTÍSTICA.CCAPRENDER A APRENDER

ORIXE DO MUNDO CULTURA CELTA

Cada tribo ou rexión celta tiña as súas propias historias e mitos que versaban sobre a creación. Os elementos naturais xogaban un papel moi importante na creación do mundo.

Ditos elementos foron considerados coma divindades con poderes e sabedoría.

Na mitoloxía celta dise que ao principio non existiu nada excepto un gran baleiro escuro e sin forma, coñecido como o "caldo primordial". Onde habitaban os deuses e as deidades, as cales agochaban a semente de todo o que existiría no futuro.

Os antigos celtas crían que o mundo foi creado por unha serie de feitizos divinos e naturais.

No centro de este caldo primordial estaba a árbore sacra chamado Bile ou árbore da vida.

Esta árbore é considerada unha conexión entre o ceo, a terra e o inframundo.

De está árbore xurdiron todos os seres vivos, coñecidos coma os "Tuatha Dé Danann", una raza de deuses e semideuses.

A auga era outro elemento importante, símbolo de purificación e rexeneración, onde habitan espíritos acuáticos coñecidos coma, Sidan, con poderes de curación.

A auga é un dos elementos importantes na mitoloxía celta. Os ríos, lagos e mares son considerados sacros e con poderes sobre a saúde.

A terra é a nai de todo o vivo e ten poderes de creación. Os bosques, montañas e terra chá son lugares sacros.

O lume representa a enerxía e a transformación é un elemento purificador e protector, tendo que ver co sol e a luz. Nos rituais prendíanse fogueiras para os deuses.

O aire simboliza a vida e a comunicación, contén a sabedoría dos antepasados.

Os ventos son considerados manifestacións dos espíritos.

Un dos deuses máis importantes é Dagda, deus supremo. Dagda creou o mundo batendo seu arpón no chan e vertendo auga de seu caldeiro máxico, enchendo ríos e mares.

O deus Lug ou Lugh deus do sol e da luz, responsable de separar o ceo e a terra.

A árbore sacra ou Axis Mundi conecta o ceo, a terra e o inframundo. Dita árbore sacra é un carballo sacro que representa a forza vital e conecta aos mundos a través das raíces.

Creando o mundo a partir de elementos coma a terra, a auga, o aire e o lume. Estes son elementos de gran importancia e simbolismo.

Na mitoloxía celta non se menciona a existencia dun ser supremo, crían en varios deuses a os que se lles facían rituais e cerimoniais. Pero Dagda era como una entidade superior asociado á fertilidade, á abundancia e a protección, considerado como pai dos deuses.

Creando o mundo co son da súa música.

Outra figura con importancia é Morrigan unha deusa guerreira con poder de transformación, deusa da guerra, da morte e da sabedoría.

A mitoloxía celta dá moito valor a harmonía entre as forzas da natureza.

Dacordo con as lendas, o universo foi creado por un deus supremo coñecido como Daghdha considerado pai dos deuses.

Daghdha foi creando o mundo a través da súa música, era tan poderosa que era capaz de dar vida a terra e a os seus elementos. Con cada nota creaba os ríos, os montes e tamén os seres vivos.

Outra deidade importante era Danu, críase que foi a nai dos deuses e ca súa enerxía vital dou orixe a toda a natureza.

Os celtas crían en outro mundo paralelo ao noso que conectaba a través de lugares sacros, outeiros, ríos e árbores.

Os celtas buscaban unha harmonía coa natureza, unha conexión espiritual.

Antes da creación os celtas pensaban que existía o baleiro, en galés, Annwn, e en irlandés, TirNaNóg.

A partir de este baleiro xurdiron os deuses.

En outros relatos a deusa terra (Gaia), desperta e comenza a tomar forma, e considerada nai de todas as criaturas vivas.

Os tres mundos, dacordo a cosmoloxía celta, o universo está dividido en tres mundos, o mundo superior, o mundo medio e o inframundo, cada un habitado por seres sobrenaturais diferentes.

No proceso de creación os deuses dan forma a os elementos básicos, coma a auga, o lume, a terra o aire.

Os deuses crean a os seres humanos e animais.

Non existe unha creación só do mundo, é considerada un evento cíclico.

A creación do mundo esta relacionada coa natureza, e todas as criaturas, plantas e elementos teñen espíritos asociados.

O universo esta composto por dúas forzas opostas pero complementarias: a orde e o caos

Os celtas non tiñan unha só historia para a creación do mundo.

A beleza e a harmonía da natureza eran divinas, e este vínculo co divino establecíase a través do respecto cara o entorno natural, buscaban vivir en harmonía ca natureza.

ORIXE DO MUNDO CULTURA MAYA

Na mitoloxía Maya críase que a orixe do mundo estaba feita de auga.

Ata que os deuses, Tepeu e KuKulKán, decidiron que a terra, as plantas e os animais comezaran a aparecer na superficie da terra.

Estes deuses mais o deus Huracán crearon a os seres humanos para que os adoraran.

Ao comenzo créronos con barro, pero as grandes choivas os destruíron.

Entón decidiron facelos de madeira, estes seres sobreviviron durante anos e tamén foron quen de reproducirse.

Tras moitos anos unha gran choiva rematou ca súa vida e isto deu paso a os simios.

Crese que esta choiva foi provocada por, Huracán, xa que pensaba que estes seres humanos non eran perfectos e precisaban crear outros novos.

Os deuses reunidos buscaron a forma de crear unindo o millo e a madeira.

E a resulta foi, uns seres que foron capaces de sobrevivir e reproducirse e ademais tiñan memoria para lembrar aos deuses, e desta maneira adoralos.

ORIXE DO MUNDO CULTURAS INDIOS AMERICANOS DO NORTE

Os indios sentían un gran respecto pola natureza, eran animistas, facían ofrendas á nai terra, ritos e cerimoniais á choiva e ao sol.

Compartían un Deus Creador o "Gran Espírito".

Crían que a alma dos falecidos viaxaba a outra parte do universo.

Para moitos indios, principalmente os das Grandes Pradeiras, a pipa cerimonial representa o centro do cosmos, a chave de os outros mundos e unha conexión co pasado e cos espíritos.

A danza tamén tiña un lugar importante nas grandes celebracións, as danzas da guerra, da herba e do coello, marcadas polo ritmo do tambor, (instrumento sacro).

Indios Winnebagos de Wisconsin

Esta é a historia:

Non sabemos en que condicións estaba noso Pai cando empezou a tomar conciencia. Moveu seu brazo dereito e logo o esquerdo, a súa perna dereita e logo a esquerda: Empezou a pensar o que tiña que facer e por fin empezou a chorar, as bágoas fluían de seus ollos e caían ante el. Ao pouco tempo mirou diante del e viu algo que brillou. Aquelo eran as súas bágoas que formaban as augas que vemos.

Pensou de novo e desexou a luz, e esta fíxose. Pensou de novo e desexou que existira a terra, e a terra empezou a existir, gustoulle pero a terra non estaba quieta... unha vez quieta pensou de novo, farei un ser semellante a min, e tomou un pouco de terra, e lle dou forma.

Faloulle pero non respondeu, mirou cara el, e viu que non tiña comprensión. Fíxolle entender, e faloulle e viu que non tiña lingua, fíxolle unha lingua, faloulle e non respondeu, e viu que non tiña alma. Fíxolle unha alma e faloulle de novo e parece que quería dicir algo, pero non se entendía, entón alentou na súa boca, faloulle de novo e respondeu.

Indios Omaha

Esta é a historia:

Ao principio todas as cousas estaban na mente de Wakonda. Todas as criaturas, o home tamén, eran espíritos. Movíanse de un lado a outro no espazo que media entre a terra e as estrelas, buscando o lugar onde existir.

Subiron ata o sol, pero o sol non lles conviña como casa. Pasaron á lúa e viron que tampoco era boa para vivir alí. Descenderon entón a terra e viron que estaba cuberta de auga. Flotaba cara ao norte, o sur, o este e o oeste pero non encontraron terra seca. Estaban tristes, de súpeto entre as augas xurdiu unha gran roca, e comezou a queimar en lapas e a auga flotaba no aire en forma de nubes.

Apareceu a terra seca, medraron as plantas e as árbores.

Os espíritos baixaron e se fixeron carne e sangue, alimentándose de sementes de herbas e de froitas das árbores, e a terra tremeu con felicidade e gratitude a Wakonda, o Facedor de todas as cousas.

Indios Maidus de California.

Esta é a historia:

Ao comenzo non había sol nin lúa, nin estrelas.

Todo era escuridade e só había auga por todas as partes.

Chegou unha balsa que viña do norte con dúas persoas, Tortuga e Pai da Sociedade Secreta. Había moita corrente moi rápida. Caeu do ceo unha corda de plumas, chamada Pokelma e por ela baixou o Iniciado da Terra. Cando chegou ao final da corda atou a corda á balsa e quedou alí. Tiña cuberta a faciana e nunca ninguén viu, pero o corpo brillou coma o sol. Sentou calado.

Tortuga preguntoulle de onde viña, e lle dixo, veño de arriba, Tortuga lle dixo, non podías facerme un pouco de terra seca para que poda saír da auga.

O iniciado da terra quedou pensando e dixo que "SÍ", Tortuga preguntou, canto tempo tardaría en facer á xente?, este dixo que non sabía, e Tortuga díxolle que si lle suxeitaba o brazo dereito para busca-la.

Tortuga dixo, si a corda non é bastante longa, darei un tirón e ti sacarásme, se é moi longa botarei dúas veces e entón ti tirarás de presa e así poderei sacar toda a terra que poida coller.

Tortuga estivo fora moito tempo, durante 6 anos, cando regresou estaba cuberto de limo verde.

Cando subiu a superficie da auga a única terra que traía era un pouco debaixo das uñas.

Iniciado da terra tomou un coitelo de pedra e foi raspando a terra de abaixo das uñas de Tortuga.

Pousou a terra na palma da súa man e formou unha bola redonda coma unha area, despois botouna sobre a popa da balsa. Unha e outra vez mirouna pero non medraba, a terceira vez medrara que se podería rodear co corpo, e a carta vez era tan grande coma o mundo, a balsa estaba varada e arredor tiña montañas hasta perder a vista. A balsa encallou, e hoxe aínda pódese ver o sitio.

Cando a balsa tocou terra dixo Tortuga non podo estar sempre as escuras.

Dixo Iniciado de la Tierra, mirade alí para o leste, vou dicirlle a miña irmá que veña, entón empezou a facerse luz e formouse o día, direille que siga este camiño e que se poña alí.

Pai da sociedade secreta empezou a chorar e se fixo a escuridade, entón foi chamando a unha das estelas polo seu nome e foron saíndo. Entón fixo medrar unha árbore, chamada Hukimsta, e

Iniciado de la Tierra, e Tortuga e Padre de la Sociedad Secreta sentáronse a súa sombra durante días. A árbore era moi grande e en el medraban doce clases distintas de landras.

Indios Sioux ,(llanuras de Estados Unidos)

Esta é a historia:

Wakan Tanka enxendra a partires de unha rocha un primeiro mundo que logo destrúeo co lume.

Ao primeiro só era escuridade. Wakan creou a terra (Maka) e logo o ceo (skan).

Había catro deuses principais:

Han, Inyan, Maka, e skan.

Skan usa unha parte da escuridade profunda de Han para crear as tebras(noite) e despois tomou de si mesmo de Maka e de Inyan e creou Wi,(o sol), que daba luz e calor a os outros deuses. As divindades desexaban algo para compartir a claridade e a calidez e así crearon os catro ventos, ao remuíño, a os humanos e ao búfalo. Tamén ao oso, ao tempo que os humanos, o oso era considerado un irmán por eso podía camiñar en dúas patas, o resto foron creados a can do búfalo e eran irmáns.

E comenzou o mundo,pero Wakan destruíno nun incendio e creou un segundo mundo pero os humanos comenzaron a portarse mal e está creación foi pechada por medio de unha inundación.

Wakan creou un terceiro mundo que foi moldeado no lombo de unha tartaruga.

A segunda creación coincide coa Biblia no relato do diluvio universal, e tamén a sinal do fin do diluvio co arco da vella.

A historia remata ca aniquilación do terceiro mundo si as xentes esquecen ao Creador, ao próximo, a os animais e a terra.